



## SELECCIÓN E RECOLLIDA DE MOSTRAS DE SOLO

Ningunha análise ofrece información válida se a toma de mostras non foi coidadosamente realizada: **POR FAVOR, LEA CON ATENCIÓN AS NORMAS.**

### 1º.- DEFINICIÓN DE PARCELAS UNIFORMES ONDE REALIZAR A MOSTRAXE

A análise de terras e interpretación de resultados deberá realizarse sobre parcelas con características semellantes.

#### De producírense diferenzas claras:

- \*.- No aspecto dos cultivos: cor ou desenvolvemento diferente, síntomas visibles de carencias.
- \*.- No tipo de solo: cor, profundidade, facilidade de labranza (solos pesados/lixeiros).
- \*.- Nas labores agrícolas realizadas en anos anteriores: encalado, fertilización orgánica intensa, subsolado.
- \*.- Na pendente do terreo: transición acusada de solo plano a inclinado.

**Dividirase a área en parcelas coas mesmas características** sobre as que se tomará a "mostra" correspondente.

### 2º.- TÉCNICA DE MOSTRAXE


Unha vez definida a parcela con características uniformes, tómanse "8-15 mostras parciais" de terra que se mesturan moi ben nun colector limpo, para despois tomar a cantidade de "mostra" que se envía ao laboratorio: 500-1.000 gr.

#### COMO TOMAR AS MOSTRAS PARCIAIS

- \* En todos os casos as mostras deben estar afastadas de obras, camiños, etc...
- \* As normas que se dan son resultado de aplicar a lóxica: que a pequena parte de terra que se analiza se pareza o máis posible á superficie-terreo que se quere coñecer.

#### A.- En pradarías, cultivos anuais e hortalizas:

Submostras uniformemente distribuídas, por exemplo en zig-zag.



CON PA:




## B.- En froiteiras e viñedos:

Na área de sombra da copa da árbore (nin moi próximo ao tronco nin moi afastado).

Diferéncianse dúas profundidades e **polo tanto dúas mostras diferentes** (a zona superior é, polo xeral, máis escura).

Resulta práctico facer unha exploración para despois tomar con pa a mostra a dous niveis, sobre todo se a mostraxe é para unha nova plantación.


Se xa se realizou unha mostraxe en profundidade en anos anteriores, pode ser suficiente a evolución da capa superficial e mostrar só os 30 cm superiores.



## C.- En solos de invernadoiro:

Distribución aleatoria, e de practicar fertirrigación, que as submostras procedan de puntos próximos aos goteiros e entre os mesmos.

Se se trata dunha mostraxe previa á instalación do invernadoiro, este sería similar ao apartado "A".



## PROFUNDIDADE DE MOSTRAXE

Trátase de tomar terra en contacto co maior volume de raíces. Retirando SEMPRE a cuberta vexetal, danse como valores orientativos os seguintes:

- Pradarías: 10-20 cm de profundidade
- Solos de invernadoiro: 15-25 cm
- Cultivos anuais e hortalizas: 20-30 cm
- Froiteiras e viñedos: ata 50-60 cm (distinguindo os 25 cm superiores)

## CANTIDADE DE MOSTRA E ETIQUETADO

500-1.000 gr en bolsa de plástico pechada contida noutra, e entre ámbalas dúas unha etiqueta co nome do remitente, nome da parcela, profundidade de mostraxe e data; no laboratorio cubrirase a correspondente ficha informativa.

A MOSTRA DEBE ESTAR O MÁIS SECA POSIBLE PARA UNHA MAIOR RAPIDEZ DA ANÁLISE.

## 3º.- MOMENTO DE MOSTRAXE E FRECUENCIA

A toma de mostra debe ser realizada despois da recolección e antes da fertilización. Se non fose posible, deixar transcourir un mes dende o último labor.

En xeral é suficiente como mínimo unha avaliación da fertilidade cada 3-5 anos; se se practica encalado a frecuencia será de 2-3 anos. En cultivos intensivos pode ser aumentada a 1 vez/ano.

Estudos particulares de salinidade, toxicidade, etc..., requiren un tratamento específico.

RECOMÉNDASE UNHA CERTA PREVISIÓN. A MEIRANDE PARTE DAS CORRECCIÓNS AO SOLO DEBEN SER REALIZADAS, COMO MÍNIMO UN MES ANTES DA PLANTACIÓN, E MESMO NO OUTONO ANTERIOR, SE SE ENVÍA XUSTO CANDO SE VAI PLANTAR, POSIBLEMENTE O LABORATORIO ESTARÁ SOBRECARGADO.